

ANTECEDENTES

**De conformidade coas competencias atribuídas
ó Consello Económico e Social de Galicia pola Lei 6/1995, de 28 de xuño,
previa análise pola Comisión Sectorial nº3: *Desenvolvemento rexional*,
e de acordo co procedemento previsto
no Regulamento de Réxime Interior do CES-Galicia,
o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia,
na súa sesión 1/04, do 6 de febreiro, acorda por unanimidade emitir,
por propia iniciativa, o seguinte informe:**

INFORME SOBRE AS ÁREAS FUNCIONAIS DE GALICIA: **ÁREA FUNCIONAL DE MONFORTE-O BARCO**

Xénese do informe

A Lei 6/1995, de 28 de xuño, atribúe ó Consello económico e Social de Galicia, entre outras, a función de elaborar por propia iniciativa informes ou estudos sobre a elaboración de planos ou programas dirixidos a favorecer-lo desenvolvemento económico e social de Galicia.

No ámbito destas funcións, o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 4/98, adoptou o acordo de proceder á elaboración dunha colección de informes sobre “*As áreas funcionais de Galicia*”. Despois dos traballos dedicados ás áreas funcionais de Ferrol, Lugo e Pontevedra, o CES aborda a elaboración do estudo das áreas funcionais

de Monforte e O Barco. Encargándose da súa elaboración á Comisión Sectorial nº3: *Desenvolvemento Rexional*.

Obxecto do informe

O obxecto deste cuarto informe da colección é, como nos anteriores, levar a cabo unha análise da situación económica e social das comarcas e concellos que compoñen as dúas áreas funcionais obxecto de estudo. Como nos estudos anteriores, o informe inclúe unhas consideracións consensuadas polos representantes das distintas entidades do Consello Económico e Social de Galicia, sobre as ameazas e oportunidades reais para o desenvolvemento e a creación de emprego na área. Estas consideracións, seguindo o esquema que o CES-Galicia utiliza na súa *Memoria anual sobre a situación económica e social de Galicia*, abren o estudo.

Metodoloxía e alcance do informe

O alcance global do informe abarca as doce áreas funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas definidas no Plan Comarcal de Galicia. Esta entrega dedicada ás áreas funcionais de Monforte e O Barco é a cuarta das entregas da colección.

Respecto ó seu ámbito xeográfico, a área obxecto de análise neste informe inclúe as áreas funcionais de Monforte e O Barco, e polo tanto, ás comarcas de Chantada, Quiroga, Terra de Lemos, Terra de Trives e Valdeorras, comarcas pertencentes ás provincias de Lugo e Ourense.

A metodoloxía do informe baséase en concreta-la análise da situación económica e social das áreas funcionais de Monforte e O Barco, nos apartados de emprego, sectores productivos, panorama social e desenvolvemento territorial.

O informe inclúe, así mesmo, anexos estatísticos con datos de interese sobre diferentes parámetros da realidade socioeconómica das áreas funcionais que, pola súa exhaustividade, non se incluíron nos distintos apartados.

No que respecta ó alcance do informe salientar as dificultades derivadas da escasa produción estatística desagregada a nivel municipal ou comarcal, que limita o alcance do informe fundamentalmente no ámbito do emprego e do panorama social da área analizada. ■